

## **MEMORIA DE ACTIVIDADES DA UCC+i SOBRE O ANO 2020**

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo, dependente organicamente da Vicerreitoría de Investigación e da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, comezou o seu camiño en marzo de 2019 e abrangue cinco grandes liñas de actuación:

1. Difusión dos resultados da I+D+i desenvolvida na Universidade de Vigo e o seu impacto na sociedade, así como a posta en valor da investigación e da figura da persoa investigadora.
2. Divulgación xeral de ciencia e tecnoloxía.
3. Asesoramento e formación ao corpo investigador en comunicación científica e comunicación social da ciencia.
4. Fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas.
5. Investigación nos procesos da comunicación social da ciencia.

A UCC+i traballa con todos os ámbitos de coñecemento que desenvolve a investigación da Universidade de Vigo: científico, humanístico, tecnolóxico e xurídico-social e prestando especial atención ás consideracións de xénero.

No presente informe expoñemos as diferentes accións levadas a cabo por parte das técnicas de comunicación desta unidade, Marta Crespo Cruces e Lucía Calvo López, durante o ano 2020:

### **AO LONGO DO ANO 2020:**

#### **MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS DA PÁXINA WEB E DAS REDES SOCIAIS DA UCC+i**

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo conta con perfís propios nas diferentes redes sociais, co fin de ter canles de comunicación efectivas e directas que acheguen a ciencia e os traballos de investigación da institución á sociedade. Con este mesmo fin, tamén foi creada unha páxina web propia desta unidade.

Desde que se crearon, na UCC+i fíxose unha actualización diaria da web e das redes sociais, compartindo noticias de interese, difundindo resultados de investigación, fomentando as vocacións científicas e compartindo material audiovisual de creación propia, ademais de dar difusión ás diferentes actividades de divulgación científica que se organizan desde a Universidade.

Esta é a URL da web da UCC+i: <http://ucc.webs.uvigo.es/>

Estas son as RRSS nas que a Unidade ten presenza e os seus datos máis relevantes deste ano 2020:

- Facebook
  - 295 publicacións no ano 2020
  - 687 persoas ás que lle gusta
  - 813 seguidores
- Twitter
  - 309 tuits no ano 2020
  - 554 seguidores

- Instagram
  - 104 publicacións no ano 2020
  - 663 seguidores
- LinkedIn
  - 266 publicacións no ano 2020
  - 538 seguidores
- Youtube
  - 27 vídeos publicados no ano 2020
  - 71 subscriptores

## XERACIÓN DE CONTIDO AUDIOVISUAL PARA REDES SOCIAIS

Co obxectivo de aportar maior dinamismo ás redes sociais da UCC+i e, sobre todo, coa intención de fomentar as vocacións científicas e de achegar o coñecemento e o traballo do persoal investigador da Universidade á sociedade, elaboráronse varias pezas audiovisuais de curta duración:

- **Vídeo Que facemos? Grupo de Novos Materiais**
  - Ligazón: <https://youtu.be/puav-wbVHkE>
  - Data de difusión: 5 de febreiro de 2020
- **Vídeo Que facemos? Grupo Ecosot (Economía, Sociedade e Territorio)**
  - Ligazón: <https://youtu.be/fM-Lb8eE24Y>
  - Data de difusión: 20 de febreiro de 2020 (Día Mundial da Xustiza Social)
- **Vídeo promocional de “Quero ser investigadora”**
  - Ligazón: [https://youtu.be/ipbmAzHKm\\_A](https://youtu.be/ipbmAzHKm_A)
  - Data de difusión: 5 de marzo de 2020
- **Vídeo Que facemos? Grupo EPhysLab (Environmental Physics Laboratory)**
  - Ligazón: <https://youtu.be/Y2PQdcxDJMM>
  - Data de difusión: 26 de marzo de 2020
- **Vídeo Que facemos? Laboratorio de Endocrinoloxía (LabEndo)**
  - Ligazón: <https://youtu.be/VzLRChIzxls>
  - Data de difusión: 12 de maio de 2020
- **Vídeo promocional da “Aula Aberta á Tecnociencia” da Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía**
  - Ligazón: <https://youtu.be/xYvx0Wf0wqo>
  - Data de difusión: 19 de maio de 2020
- **Serie de vídeos “Unha Cuestión de Ciencia”**
  - **Porque cantan os grilos?**
    - Ligazón: <https://youtu.be/qkHduh93k9I>
    - Data de difusión: 7 de xullo de 2020
  - **Como evitar o despoboamento do rural galego?**
    - Ligazón: <https://youtu.be/BH2iDuuhUKY>
    - Data de difusión: 15 de xullo de 2020

- **Que produce o cheiro da terra mollada?**
  - o **Ligazón:** <https://youtu.be/GRREAjQJoas>
  - o **Data de difusión:** 23 de xullo de 2020
- **Que é a nomofobia?**
  - o **Ligazón:** <https://youtu.be/SiOOZ8nIKHs>
  - o **Data de difusión:** 28 de xullo de 2020
- **Que é a certificación PEFC?**
  - o **Ligazón:** <https://youtu.be/9lNvtOfdGjQ>
  - o **Data de difusión:** 30 de xullo de 2020
- **De onde proceden os primeiros habitantes de Galicia?**
  - o **Ligazón:** <https://youtu.be/ebLa0RVtthI>
  - o **Data de difusión:** 4 de agosto de 2020
- **Que é a dramaterapia?**
  - o **Ligazón:** <https://youtu.be/3-Ltstp6HtY>
  - o **Data de difusión:** 7 de outubro de 2020
- **Como afecta a Vespa velutina a biodiversidade?**
  - o **Ligazón:** <https://youtu.be/vc9RO2G2md0>
  - o **Data de difusión:** 14 de outubro de 2020
- **Que é a bioluminiscencia mariña?**
  - o **Ligazón:** <https://youtu.be/8aFmcb9DiPQ>
  - o **Data de difusión:** 21 de outubro de 2020
- **Están relacionados o cambio climático, a biodiversidade e a aparición de novas enfermidades?**
  - o **Ligazón:** <https://youtu.be/zBO8cK6PZxQ>
  - o **Data de difusión:** 28 de outubro de 2020
- **Que é o 5G?**
  - o **Ligazón:** [https://youtu.be/f\\_Eq23NPLgM](https://youtu.be/f_Eq23NPLgM)
  - o **Data de difusión:** 5 de novembro de 2020
- **Vídeo Que facemos? Especial Covid-19**
  - o **Ligazón:** <https://youtu.be/UDulpYq9MbY>
  - o **Data de difusión:** 10 de novembro de 2020 (Día Mundial para a Paz e o Desenvolvemento)

### **XANEIRO - FEBREIRO DE 2020:**

#### **OBRADOIROS “ELAS FAN CIENTEC 2020”**

- En colaboración coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, o Centro de Investigación Biomédica (Cinbio) e as tres escolas de enxeñaría do campus de Vigo: a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, a Escola de Enxeñaría Industrial e a Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía.
- Obradoiros para fomentar as vocacións científico-tecnolóxicas de rapazas de Secundaria de institutos de nosa contorna, con motivo do 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.

- Asistiron un total de 185 alumnas de 4 institutos de Vigo e concellos próximos.
- A UCC+i encargouse de:
  - Produción: contacto e coordinación cos 4 institutos participantes.
  - Apoio na difusión en RRSS antes, durante e despois do evento.
  - Asistencia de produción durante o día do evento nos diferentes centros implicados.
  - Cobertura fotográfica, videográfica e en RRSS do evento.

### MARZO 2020

#### **PUBLICACIÓN “QUERO SER INVESTIGADORA”**

En marzo de 2020 publicouse e presentouse oficialmente o libro “Quero ser investigadora”, da Unidade de Cultura Científica e da Innovación, coincidido con acto institucional do Día Internacional da Muller.

Esta publicación consta de dez pequenas historias, ao xeito dun conto, a través das que se difunde a experiencia e vivencias de dez científicas que apostaron por facer o que lles gusta e por colaborar no avance da sociedade traballando desde a Universidade de Vigo. O principal obxectivo desta publicación da UCC+i é valorar e visibilizar mulleres científicas contemporáneas, pioneiras en moitos casos, e espertar a vocación investigadora entre as e os máis cativos, con figuras femininas da súa contorna como referencia.

Desde que foi presentada oficialmente, desde a UCC+i fíxose unha intensa labor de difusión en RRSS, ademais de realizar o envío de exemplares en papel a centros educativos da nosa contorna.

Versión dixital da publicación “Quero ser investigadora”:

[http://ucc.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/03/Quero-ser-investigadora\\_libro\\_electr%C3%B3nico\\_baixa.pdf](http://ucc.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/03/Quero-ser-investigadora_libro_electr%C3%B3nico_baixa.pdf)

### ABRIL-DECEMBRO 2020

#### **COORDINACIÓN DO ESPAZO RADIOFÓNICO “BATA, BOTA, BITS”**

A partir do mes de abril, coordinouse desde a UCC+i toda a produción do espazo radiofónico mensual “Bata, Bota, Bits”, emitido en Radio Vigo Cadena Ser. Trátase dun espazo dirixido a difundir o traballo de investigación que se desenvolve na Universidade de Vigo.

Ata o momento fixéronse un total de **6 entrevistas** sobre diferentes temáticas cos seguintes protagonistas:

- Soledad Torres Guijarro, investigadora do Grupo de Tecnoloxías Multimedia
- Sandra Rojas Nossa, investigadora do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal

- José Manuel García Estévez, director da Ecimat
- Natalia Caparri, vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria
- Belén Rubio, vicerreitora de Investigación
- Jesús Simal, catedrático responsable do Grupo de Investigacións Agro-Ambientais e Alimentarias.

Ademáis, de especial relevancia foi a **producción dun programa monográfico especial** que, coincidindo co Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento, abordou diferentes temas relativos á investigación da Universidade de Vigo como por exemplo a achega desta institución na loita contra Covid-19 a través de diversos proxectos.

### **ABRIL-MAIO 2020**

#### **CHARLAS EN DIRECTO NO FACEBOOK DA UCC+i**

Durante os meses de confinamento, a UCC+i tivo que adaptarse ás circunstancias e tirar de creatividade e moito empeño para poder seguir ofrecendo contidos divulgativos atractivos e que escapasen da necesidade de presencialidade. Neste contexto, organizáronse e difundíronse seis charlas en directo na páxina de Facebook da UCC+i, nas que contamos coa implicación e colaboración de persoal investigador da universidade, encargado de divulgar o seu coñecemento e o seu traballo á sociedade en xeral. Estes son os datos que resumen a organización destas seis charlas:

- **Charla “Unha investigadora polo mundo”**
  - Relatora: Anais Rivas Torres, investigadora do grupo Ecoloxía Evolutiva e da Conservación da Universidade de Vigo.
  - Data: 2 de abril 2020
  - Entre 25 e 30 persoas conectadas
  - Alcance de entre 200 e 300 persoas
- **Charla “Silvicultura preventiva: ferramentas para a xestión forestal”**
  - Relator: Juan Picos, director da Escola de Enxeñaría Forestal da Universidade de Vigo
  - Data: 22 de abril de 2020
  - Unha media de 50 persoas conectadas
  - Alcance estimado de 620 persoas
- **Charla “Leccións cruzadas entre as políticas climáticas e a crise do Covid-19”**
  - Relator: Xavier Labandeira, catedrático de Economía da Universidade de Vigo
  - Data: 28 de abril de 2020
  - Unha media de 40 espectadores conectadas
  - Alcance estimado de 753 persoas

- **Charla “Covid-19: como predicir a súa evolución”**
  - Relator: Humberto Michinel, catedrático da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo do campus de Ourense
  - Data: 4 de maio de 2020
  - Unha media de 25 espectadores en vivo
  - Alcance estimado de 1505 persoas
- **Charla “Baixo a terra”**
  - Relatora: Beatriz Comendador Rey, coordinadora do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (Geaat)
  - Data: 18 de maio de 2020
  - Unha media de 28 espectadores en vivo
  - Alcance estimado de 887 persoas
- **Charla “Drones en tarefas de limpeza de superficies”**
  - Relator: Higinio González, profesor titular da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo do campus de Ourense
  - Data: 25 de maio de 2020
  - Unha media de 10 espectadores en vivo
  - Alcance estimado de 331 persoas

## **GUÍA DIDÁCTICA “QUERO SER INVESTIGADORA”**

Ao longo do mes de abril elaborouse unha pequena guía didáctica cunha proposta de actividades para a acompañar á publicación “Quero ser investigadora”. Esta guía didáctica, dirixida principalmente a rapazas e rapaces de ensino secundaria, lanzouse no mes de maio na web e nas RRSS da UCC+i co fin de favorecer o traballo coa publicación á que acompaña.

Versión dixital da guía didáctica:

[http://ucc.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/05/Guia\\_didactica\\_final.pdf](http://ucc.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/05/Guia_didactica_final.pdf)

## **ELABORACIÓN PROXECTO PARA COMCIRED 2020**

No mes de maio elaborouse unha proposta para presentar o proxecto máis destacado da UCC+i na undécima edición do encontro ComCiRed (Comunicar Ciencia en Red).

Posteriormente informáronnos de que a nosa proposta fora seleccionada para participar nesta edición do ano 2020 que tería lugar na cidade de Cuenca a principios de outubro. Finalmente este evento tivo que ser cancelado, ata novo aviso, por mor da situación de pandemia.

## **XULLO 2020**

### **PRESENTACIÓN CANDIDATURA PREMIOS PRISMA**

No mes de xullo preparamos e enviamos toda a documentación necesaria para presentar a nosa candidatura aos “Prismas Casa das Ciencias á Divulgación 2020”.

## **OUTUBRO - DECEMBRO 2020**

### **CHARLAS VIRTUAIS POLO MES DA CIENCIA EN GALEGO**

Desde finais de outubro ata principios do mes de decembro tiveron lugar varias charlas divulgativas impartidas de maneira virtual co alumnado de Primaria do CEIP Pintor Laxeiro da cidade de Vigo. Foron un total de seis charlas, organizadas pola UCC+i e impartidas polo seguinte persoal investigador da Universidade de Vigo:

- Algunhas das protagonistas de “Quero ser investigadora”:
  - Ana Garriga, investigadora do departamento de Dereito Privado
  - Diana Valverde, investigadora do departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía
  - Francisca Fariña, catedrática de Psicoloxía Básica e Psicoloxía Xurídica do Menor
- Algúns dos protagonistas do almanaque da ANL do ano 2020 dedicado á investigación e á divulgación científica en galego:
  - Lourdes Maceiras, do grupo de investigación en Medicina e Saúde Pública
  - Manuel A. Pombal, do grupo de investigación de Neurobioloxía de Lampreas, Neurolam
  - Inmaculada Báez, do grupo de investigación Griles

### **PREPRODUCCIÓN CHARLAS DA “INICIATIVA 11 DE FEBRERO”**

Desde finais de outubro e ao longo dos meses de novembro e decembro coordinouse desde a UCC+i a preproducción das charlas do persoal investigador da Universidade de Vigo dentro da “Iniciativa 11 de Febrero” para a súa próxima edición do 2021, coa que se conmemorará un ano máis o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. A día de hoxe temos confirmadas e inscritas na web da iniciativa charlas en 32 centros educativos de toda Galicia que serán impartidas por 28 investigadoras da nosa institución.

## PREPRODUCCIÓN “ELAS FAN CIENTEC 2021”

A partir do mes de outubro comezamos os contactos e as reunións coas principais organizadoras dos obradoiros “Elas fan CienTec” co fin de poñer en común ideas e comezar coa organización da vindeira edición do ano 2021, que estará marcada pola non presencialidade por mor da Covid-19.

## COORDINACIÓN CON “THE CONVERSATION ESPAÑA”

A partir do mes de outubro, desde a UCC+i encárgámonos de coordinar as publicacións do persoal investigador da Universidade de Vigo na edición española da publicación dixital de divulgación científica “[The Conversation](#)” .

Ata o momento, 23 investigadores e investigadoras da universidade xa están en contacto coa revista para colaborar con artigos divulgativos sobre diferentes temas e xa se publicaron catro artigos firmados por persoal da institución:

- *Ríos atmosféricos, las autopistas aéreas que regulan el clima*

<https://theconversation.com/rios-atmosfericos-las-autopistas-aereas-que-regulan-el-clima-150006>

- *5G: más conexiones, más rápidas y con mayor cobertura*

<https://theconversation.com/5g-mas-conexiones-mas-rapidas-y-con-mayor-cobertura-149577>

- *Así se comporta el putero confinado*

<https://theconversation.com/asi-se-comporta-el-putero-confinado-150047>

- *¿Por qué existen diferentes vacunas contra la gripe?*

<https://theconversation.com/por-que-existen-diferentes-vacunas-contr-la-gripe-151703>

## TRABALLOS REALIZADOS EN COLABORACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación adoita traballar en colaboración con outros departamentos da Universidade, para garantir o cumprimento dos seus principais obxectivos: promocionar a cultura científica, tecnolóxica e da innovación.

- **Con UVigo TV**
  - Producción de catro vídeos con participación da Universidade de Vigo na edición “Especial Coronavirus” de sección “La Universidad Responde” emitida en La2 de TVE.
  - Colaboración na realización do acto virtual polo Día das Letras Galegas.
  - Pre-producción da participación da Universidade de Vigo na 4ª tempada das series de vídeos “Universo Sostenible” emitidas no programa “La aventura del saber” de La2 de TVE.



- **Coa Ecimat**
  - Realización e edición de vídeos con testemuñas de investigadores internacionais que visitan a Ecimat.  
Ligazón do primeiro vídeo: <https://youtu.be/wrVKDCsS-Is>
  
- **Coa Área de Normalización Lingüística**
  - Produción da exposición “En Galego! Investigación e divulgación científica”, que será executada ao longo do ano 2021
  - Colaboración na realización do acto virtual polo Día das Letras Galegas.
  - Coordinación cos autores e autoras de catro guías didácticas promovidas pola ANL.
  
- **Coa Biblioteca Universitaria**
  - Produción, realización e edición de vídeos e fotografías para a campaña sobre o “Protocolo de normalización da filiación institucional e do nome persoal nas publicacións do persoal vinculado á Universidade de Vigo”.  
Ligazón do primeiro vídeo da campaña:  
<https://tv.uvigo.es/video/5fd0af73765a4e2ad137de77>

## **OUTROS TRABALLOS REALIZADOS**

- Edición de dous vídeos para o Acto de Sto. Tomé de Aquino, celebrado en xaneiro 2020.
- Edición de varios videotutoriais sobre a plataforma de teledocencia Faitic.
- Edición de varios vídeos sobre os centros de investigación da Universidade de Vigo que se difundirían no acto oficial de apertura do curso 2020-2021.
- Produción, realización e edición dun videotutorial explicativo sobre como recoller as mostras para as probas PCR mediante saliva.  
Ligazón: <https://tv.uvigo.es/video/5f747c9822264e4d5471bb96>
- De abril a novembro de 2020 coordináronse 8 campañas publicitarias no medio dixital Galicia Confidencial que incluían banner dinámico, reportaxe con fotografías e hashtags para redes sociais.
- Desde xullo a decembro de 2020 coordináronse 5 campañas publicitarias no medio dixital GCiencia que incluían banner dinámico, reportaxe con fotografías e hashtags para redes sociais.